

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2020/8	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «Solicitud de celebración de Pleno Extraordinario por parte dunha cuarta parte do número legal de membros da Corporación»
Data	16 de xullo de 2020
Duración	Desde as 21:00 ata as 22:01 horas
Lugar	SALON DE SESIONS
Presidida por	Fátima Abal Roma
Secretario	Miguel Rodríguez de Vicente - Tutor

ASISTENTES (17):

PSDG-PSOE (4): D^a María Cruz Leiro Peña, D. Samuel Lago Ozón, D^a Milagros Martínez Piñeiro e Sra. Alcaldesa.

SOMOS CAMBADOS (3): D. Xurxo Charlín Trigo, D. Constantino Cordal Rodríguez e D. Fernando Patricio Rey

B.N.G. (2): D. Víctor Manuel Caamaño Rivas, D^a Mariel Oubiña Vázquez.

P.P. (7): D. Luís Aragunde Aragunde, D^a María Isabel Fole Trigo, D^a María del Mar Núñez Chaves, D^a Silvia Fernández Pérez, D^a Sonia Agra Piñeiro, D. Juan Ramiro Gómez Blanco e D^a Nerea Pintos Castro.

CAMBADOS PODE (1): D. José Ramón Abal Varela.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.



A) PARTE RESOLUTIVA

1.- Expediente 2357/2020. Cambios planteados polo Ministerio de Transición Ecolóxica nas concesións de dominio público marítimo-terrestre

A Sra. Alcaldesa apertura o Pleno saudando aos representantes do sector do mar asistentes ao Pleno (Clúster de Acuicultura, APROMAR, Federación galega de Cofradías, AGADE, ANFACO E FEMEX-San Sadurniño)

O Sr. Secretario da conta do ditame da Comisión Informativa de Economía, Facenda, Industria e Urbanismo adoptado por catro votos a favor dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PP, Grupo Mixto Cambados Pode e tres abstencións dos concelleiros integrados nos grupos municipais de PSdeG-PSOE, Somos Cambados e BNG que di,

"A modificación do regulamento xeral de Costas iniciado polo goberno socialista de Pedro Sánchez ten xerado dende o seu inicio unha grande inquietude entre as industrias situadas no litoral galego. Esta situación podería ocasionar graves prexuízos a máis dun cento de empresas e outras actividades do complexo mar-industria, así como a milleiros de edificacións galegas asentadas no litoral. De feito, a estricta interpretación da normativa actual xa está a afectar a algunhas empresas que viron como a renovación da prórroga das súas concesións se producía por un tempo inferior a un ano.

Esa inquietude foi compartida pola Xunta de Galicia que estivo ao lado dos afectados dende hai máis dun ano reuníndose con eles e con representantes locais e expresando as súas reservas ante o Ministerio de Transición Ecolóxica. O Grupo Parlamentario Popular recolleu tamén esa inquietudanza social e rexistrou unha proposición non de lei que foi aprobada no Pleno de 29 de abril de 2019 co seguinte texto:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o seguinte:

- Que se dea traslado á xunta dun informe exhaustivo sobre todas as concesións que se verían afectadas pola modificación do Regulamento de costas. En concreto, de todas aquelas que xa non poderían ser obxecto de prórroga ningunha.

- Que, de tramitarse unha modificación do Regulamento de costas, se adapte á lei que lle serve de cobertura e, polo tanto, que se retire na súa redacción actual por non axustarse á dita normativa.

- Que o procedemento de reforma do Regulamento xeral costas (RD 876/2014, do 10 de outubro) se desenvolva con escrupuloso respecto aos principios de legalidade, de xerarquía normativa conseagrado no artigo 9.3 da Constitución española de 1978, e de transparencia na información relativa ao dito procedemento de reforma e coa participación de toda a cidadanía, sectores afectados e institucións, sometendo de novo a consulta pública o borrador de regulamento á vista das alegacións recibidas."

Sabemos que Galicia solicitou en varias ocasións ao Goberno central que paralizas esta modificación lexislativa, ao mesmo tempo que se pediu axuda do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para que defendese ao sector neste proceso.

Fontes do PsdeG-PSOE afirmaron hai ben poucas semanas, tanto en plenos municipais como a través dos medios de comunicación, que este proceso de reforma e aplicación hiperrrestritiva da normativa quedaba sen efecto e que a paralización da modificación era un feito, cuestión nunca comunicada oficialmente e que se baseaba na información que supostamente manexaban estas persoas do nomeado partido.

Recentemente, vimos de coñecer que os temores expresados por Xunta, PP e sector estaban seriamente fundados. Por un lado, hai xa dúas empresas galegas afectadas pola



interpretación restritiva da norma, o que podería levar a máis de 250 persoas a perder o seu emprego, alén da economía que estas firmas xeran tanto directa como indirectamente. Pero, a maior abundamento, acabamos de saber que o Goberno central vén de propor a modificación dunha cuestión esencial como é o da duración das concesións no dominio público marítimo-terrestre a través da Lei de Cambio Climático, e todo elo sen xerar diálogo ningún cos afectados.

Ambos feitos confirman que o proceso de reforma da Lei de Dostas non estaba paralizado, senón que se está a levar a cabo con escurantismo e sen ningunha vontade de diálogo, a través da imposición, tal e como se alertou no seu momento desde a Xunta e desde o propio sector afectado.

En definitiva, desde este grupo político sempre defendemos unha normativa que teña presente a necesaria viabilidade e sustentabilidade das industrias vencelladas ao mar, xerando nelas a suficiente seguridade xurídica cun escenario claro e preciso para que as empresas poidan seguir a desenvolver a súa actividade con normalidade e xerando riqueza nas nosas vilas costeiras.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Popular presenta a seguinte MOCIÓN ante o Pleno da Corporación :

“Opleno do Concello de Cambados insta ao Goberno de España a:

- 1. Que deixe sen efecto a proposta de modificación dos prazos concesionais en zona de dominio marítimo terrestre formulada a través do artigo 18 do proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.*
- 2. Que desista do seu propósito de tramitar unha modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre que interprete e restrinja de forma arbitraria a duración das prórrogas extraordinarias reguladas pola Lei 2/2013 de protección e uso sostible do litoral, tal e como sucedía co proxecto que someteu a consulta pública a comezos de 2019 e co actual integrado no proxecto de Lei do cambio Climático e a Transición Ecolóxica.*
- 3. Que, no caso de manter este propósito de modificación das condicións da ocupación de dominio público marítimo-terrestre, o someta a unha nova consulta pública con prazo suficientemente amplo para permitir e facilitar a remisión de alegacións por parte de administracións e axentes sociais afectados.*
- 4. Que rectifique o cambio interpretativo que está a aplicar na resolución das solicitudes de prórroga de concesión en zona de dominio público marítimo-terrestre, posto que o Consello de Estado corroborou que a lei actual permite.”*

A continuación o Vicepresidente da Federación de Cofradías de Galicia e Patrón Maior da Cofradía de Cambados - San Antonio, D. Ruperto Costa Fernández, procede a dar lectura á declaración institucional consensuada por todos os sectores mar – industria que di,

“A relación de Cambados e a súa comarca co Mar forma parte da súa historia, do seu desenvolvemento e por suposto da súa identidade. Ao longo de xeracións Cambados conviviu co Mar en perfecta harmonía, foi o seu sustento, motor do seu desenvolvemento económico grazas ás súas xentes e aos seus case infinitos recursos; somos un exemplo de municipio pioneiro e punteiro nos distintos sectores do Mar Industrial, non só a nivel nacional senón máis aló das nosas fronteiras, distribuindo produción ademais de servir como modelo a multitude de empresas ao longo dos cinco continentes. Actualmente desde Bico da Ran ata Tragove mostra a súa presenza no sector Mar Industrial cunha das primeiras piscifactorías, precursora do desenvolvemento piscifictícola de Galicia; dúas fabricas de conservas; dous grandes cocedoiros; oito depuradoras de marisco; e por suposto un sector extractivo marisqueiro plenamente desenvolvido, e a potente presenza dos sectores mexilloeiro e ostrícola; todos eles exemplo de xestión sa, produtiva e sostible dos recursos pesqueiros e acuícolas, que dan sustento e vida ao noso pobo e levan polo mundo o nome de Cambados. Todo isto conforma e integra o sector do Mar Industrial Alimentario. Un sector que pola súa esencia debe estar situado precisamente na ribeira de mar. E ademais debe contar coa indispensable seguridade e estabilidade nas súas ubicacións. Todo iso require manter o pacto social que consagra o dereito colectivo dunha terra tan singularmente dependente do mar á



utilización sostible do medio mariño, sen introducir factores de risco ou de inestabilidade que non benefician a ninguén.

Por iso, o sector e xa que logo, o pobo de Cambados necesita o apoio institucional local e comarcal por considerar imprescindible a garantía e o mantemento do emprego nos sectores afectados, nesta ocasión ante o proxecto de modificación da Lei de Costas a través do Artigo 18 do Proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética que, entendemos, podería alterar o marco normativo.

Os principais sectores afectados son os que se atopan situados en dominio público marítimo terrestre, mantendo concesións da Dirección Xeral de Costas. Non se pode poñer en risco os miles de postos de traballo existentes en dito dominio público, sendo en gran parte mulleres e ademais estando nuns enclaves no que dificilmente teñen outra alternativa laboral.

Resulta necesario dar unha tranquilidade e seguridade xurídica ás empresas, non levando a cabo ningunha medida que poña en risco os miles de postos de traballo do sector mar industria desde o que amosamos a nosa preocupación pola redacción do artigo 18 por entender que se poida prestar a interpretacións diversas según quen teña que aplícalo.

Por elo solicitamos de forma urxente que na tramitación do proxecto da Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética aténdanse as alegacións de todos os sectores que integran o sector mar industria de forma que na redacción final do articulado, e singularmente do artigo 18, quede garantida a seguridade xurídica para dito sector.”

O Sr. Aragunde Aragunde da lectura á seguinte exposición,

“O 19 de marzo de 2019 publicouse mediante procedemento de audiencia e información pública o proxecto de Real Decreto que modifica o Regulamento Xeral de Costas.

En abril de 2019 a Xunta de Galicia advertía da perigosa modificación sobre a Lei de Costas na que estaba a traballar o goberno de Pedro Sánchez de modo pouco transparente a pesar da profunda afectación ao sector da cadea mar-industria que detectamos.

A proposta de modificación recollía, entre outras, as seguintes cuestións problemáticas:

- Limitar o prazo máximo da duración das concesións das empresas, poñendo en risco a viabilidade de empresas que deseñaron os seus plans empresariais de acordo cos prazos anteriormente previstos ao incluír as prórrogas de actividade contando desde o momento no que foi dada a licenza en vez do momento no que expirou.*
- Revisaríanse novamente os requisitos cumpridos para outorgar a concesión cando se teña que decidir sobre a prórroga.*
- Establécese a obrigaón de derivar fóra da zona de dominio público marítimo-terrestre as actividades que poidan desenvolverse noutro lugar, co conseguinte encarecemento da produción que poría en risco a viabilidade dalgunhas empresas.*

Este cambio normativo proposto polo goberno de Sánchez pode afectar como mínimo a un centenar de empresas da cadea mar-industria asentadas no litoral de Galicia (depuradoras, cetarias e fábricas de conservas...) que pode traducirse nun freo para todo o sector marítimo pesqueiro.

Ademais, á marxe do complexo mar-industria, a regulación afecta a preto de 5.000 edificacións de 80 concellos costeiros, entre os que se atopa desde centros de saúde ata colexios, EDARES...

O que era unha ameaza traducíuse nun perigo real: algunhas empresas comezaron a tramitar a renovación das súas concesións e non chegaron nos termos que esperaban:

- Algunhas delas moito máis breves do previsto (Tres Mares en Cee)*



• *Outras condicionadas a demolicions de parte das infraestruturas para poder seguir traballando (Paquito, en Boiro), cunha demolicion de media nave.*

Ante este panorama, a Xunta defende:

• *Un regulamento que teña en conta a necesaria viabilidade e sustentabilidade das industrias que se relacionan co mar.*

• *Que se manteña un principio de seguridade xurídica para que os afectados non dependan de cambios arbitrarios na lexislacion que poidan poñer en risco á súa actividade.*

Así, se lle fixo saber ao secretario de Estado de Medio Ambiente e á ministra de Transición Ecolóxica en cartas de datas 11 de abril de 2019, 25 de abril de 2019, 8 de maio de 2019, 16 de maio de 2019 e 5 de decembro de 2019 demandando reunións para dialogar e obter explicacións.

Só a última desta cartas foi contestada (tarde), cun contido que se fixo público nun medio de comunicación antes da súa recepción pola Xunta, no que se afirmaba que “es muy probable que el proyecto tenga que volver a someterse a información y consulta pública” (polo tanto, non estaba paralizada -nin moito menos como se decía polo goberno central- a reforma e, na práctica, reactivouse a través da lei de cambio climático) e no que dicía que as concesións actuais estábanse tramitando de acordo á normativa aprobada na etapa do goberno do PP (sen embargo, só agora unhas interpretacións cunha rixidez, restrición fóra do normal poñendo en perigo e xerando inseguridade xurídica a moitas empresas e equipamentos situados no Dominio Público Marítimo Terrestre).

De momento (e con información feita pública polo propio ministerio) xa hai 29 empresas (10 xa tramitadas e 19 en tramitación) que teñen ou terán problemas seguro na renovación da concesión. Con esta cifra estamos falando de cáseque tres mil empregados... (máis que Endesa e ALCOA xuntas).

Ademais, ás 30 que en febreiro quedaban por resolver e que o Ministerio da Transición Ecolóxica dicía que non deberían ter problemas ningún lles asegura que non vaian a recibir unha decisión restritiva e inviable (coma Paquito en Boiro e Tres Mares en Lires-Cee). E esta afectación podería aumentar”

Considera pouco ético tramitar un proxecto de lei en pleno estado de alarma, á marxe da Lei de Costas e sen diálogo co sector. Opina que se trata de colar pola porta de atrás unha reforma para botar a moitas empresas ubicadas na costa.

Di non poder fiarse deste goberno e por isto viuse na obriga de solicitar este Pleno.

Manifesta que fai mais dun mes xa se denunciou en rolda de prensa esta cuestión; o 15 de xuño presentouse unha moción e o 26 de xuño presentámonos no Pleno para participar unha reunión co sector, sen que o equipo de goberno a quixese manter porque nela estaba a oposición algo que considera, ridículo e amosa unha total falta de diálogo.

Propón retirar a súa moción para consensuar outro texto. Di que votou en contra de moitas propostas da Xunta e do Goberno do Estado poñendo por exemplo a Lei de marisqueo ou a Mina de Touro.

Di sentir a falla de diálogo e consenso do goberno que parece que tan só se reuniu co BNG e esquecerse do resto de grupos. Defende ter 7 concelleiros e quedar a 5 votos do oitavo polo que, considera, debe térselles en conta, coma o resto dos grupos



políticos.

Manifesta que os veciños queren que ante problemas importantes se cheguen a acordos.

Inisiste en que o Pleno se celebra grazas a solicitude do Partido Popular.

Atópase de acordo en retirar a súa proposta pola presentada polo goberno municipal pero considera que onde di, "Por iso, o Goberno Municipal do Concello de Cambados, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte: ACORDO", "O Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo".

Considera que a modificación é mínima e lóxica.

A Sra. Alcaldesa di que esta moción rexistrouse o 06.07.2020 e estaba previsto tratala no Pleno ordinario de dentro de dúas semanas.

Manifesta que non se quixo tratar en plena campaña electoral para non xogar electoralmente con este tema.

Di non aceptar este cambio, porque a proposta foi consensuada entre o goberno municipal do sector.

Considera que nun nivel mínimo de educación alguén non se presenta nunha reunión senón está invitado.

O Sr. Abal Varela (Cambados Pode) intervén e saúda aos representantes do sector que se atopan presentes no Pleno.

Maniféstase crítico coa falta de diálogo da Sra. Alcaldesa á que considera, o cargo quedalle grande. Afirmar que moitos veciños poderán ollar a súa falta da súa responsabilidade ante unha iniciativa que debe ser conxunta cunha imaxe lamentable.

Considera chamativo que nun Pleno que solicita o Partido Popular se debata unha moción do goberno.

Agradece a Joaquin Garcia Diez, en representación do PP e a Néstor Rego, en representación do BNG, o traballo que están a facer en Madrid en favor do sector do mar.

Di que non se deben utilizar estas cuestións con fins electorais ao tratarse dunha iniciativa conxunta e defende que o seu grupo constitúe unha plataforma vecinal que defende aos sectores produtivos e non se presenta ás eleccións autonómicas, xerais ou europeas.

Pide a Tino Cordal que interceda ante Pancho Casal, portavoz da Marea Galeguista, co que se está intentando poñer en contacto o sector.

Solicita que Fátima Abal interceda ante Carmela Silva, Gonzalo Caballero e ante a Ministra, Teresa Ribera.

Pide actuar de forma dilixente e rápidamente neste asunto.



Para finalizar transmite o seu apoio ao sector para defender a Cambados e a economía local no día da festividade do Carne no que felicita ás xentes do mar.

Lamenta que a alcaldesa perda os modales e perda a oportunidade de aunar aos grupos políticos.

A Sra. Alcaldesa matiza que no último Pleno o Sr. Abal Varela puxo en dúbida o seu traballo e acusou dun delito moi grave a un concelleiro, por iso tildoullo de sinvergónza.

Non obstante, engade, pediu disculpas nesa mesma sesión, solicitando que constara na acta esa circunstancia a diferenza do Sr. Abal Varela que non retirou as súas palabras.

Da conta dos contactos mantidos con representantes en Madrid sobre esta cuestión.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) agradece a presenza de todos os representantes do sector do mar no Pleno. Di que o BNG acudirá a calquer reunión na que se reclame a súa presenza. Di que se apoia a proposta, non por unha cuestión partidista senón por unha unha cuestión económica.

Cre que hai que legislar en relación co cambio climático, pero sempre en contacto coas persoas implicadas. Di que non se pode facer unha legislación á marxe destas cuestión que, considera, relacionadas co sector productivo e non co turístico. Afirma que crear incertidume legislando é negativo e que hai que dar tranquilidade aos sectores.

Afirma que o asentamento que existe en Galicia non é agresivo (de grandes usos hoteleiros), e trátase de construcións coas que levamos convivindo moitos anos.

A proposta que se fai, di, ten fácil arranxo e hai que escoitar ao sector. Di non querer entrar en mais polémica e considera que hai que tratar o asunto todos xuntos.

O Sr. Aragunde Aragunde (PP) interpela ao Sr. Caamaño en relación a súa opinión acerca da proposta de considerar a declaración conxunta como acordo unánime do Pleno da Corporación e non só do goberno municipal.

O Sr. Caamaño Rivas (BNG) manifesta que, persoalmente, estaría de acordo con esa matización.

A Sra. Alcaldesa interpela ao Sr. Secretario en relación a necesariedade de someter a votación o ditame da Comisión, unha vez que o grupo municipal do PP manifestou a súa conformidade na retirada da súa proposta.

O Sr. Secretario manifesta que o acordo presentado polo goberno municipal pode considerarse coma unha emenda ao ditame da Comisión Informativa. De prosperar a votación da emenda de forma maioritaria polo Pleno adoptárase o acordo modificado. Apunta a que é posible a presentación sucesiva de emendas aos ditames.

O Sr. Cordal Rodríguez (Somos Cambados) di que se trata dun asunto fundamental e considera que o Pleno debe ser para amosar apoio ao sector do mar, pilar en



Cambados.

Apoia a estas iniciativas e amósase en contra dese proxecto de Lei e dese artigo 18 que, considera, redactouse seguramente sen mala fe pero con ignorancia en relación á realidade de Galicia.

Reitera o seu apoio ao sector mar industria que debe ter futuro na nosa vila por moitos anos.

O Sr. Lago Ozón di que ían propoñerlle ao PP a retirada da súa proposta para aprobar a acordada co sector que, considera e respectuso co mar e medio ambiente e vítima do cambio climático.

Recoñece que pensaba que teríamos un debate mais sosegado e menos partidista.

Manifesta que se se contou co BNG, por afinidade política, pero tamén porque foi o que amosou interese en chegar a este acordo.

Di que se presenta unha moción que non fai referencia a ningún partido político a diferenza da moción do grupo político do PP.

Apela o consenso e a unidade e a vontade do sector para chegar a un entendemento.

Da lectura á proposta de emenda ao ditame consensuada co sector que di,

“Dona Fátima Abal Roma, Alcaldesa do Ilmo. Concello de Cambados, Constantino Cordal Rodríguez, Tenente de Alcalde do Ilmo. Concello de Cambados, e os representantes do sector do mar (Clúster de Acuicultura, APROMAR, Federación galega de Cofradías, AGADE, ANFACO y FEMEX- San Sadurniño) en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ACORDO DE GOBERNO, en base á seguinte

Exposición de motivos:

A relación de Cambados e a súa comarca co Mar forma parte da súa historia, do seu desenvolvemento e por suposto da súa identidade.

Ao longo de xeracións Cambados conviviu co Mar en perfecta harmonía, foi o seu sustento, motor do seu desenvolvemento económico grazas ás súas xentes e aos seus case infinitos recursos; somos un exemplo de municipio pioneiro e punteiro nos distintos sectores do Mar Industrial, non só a nivel nacional senón máis aló das nosas fronteiras, distribuindo produción ademais de servir como modelo a multitude de empresas ao longo dos cinco continentes.

Actualmente desde Bico da Ran ata Tragove mostra a súa presenza no sector Mar Industrial cunha das primeiras piscifactorías, precursora do desenvolvemento piscifictícola de Galicia; dúas fabricas de conservas; dous grandes cocedoiros; oito depuradoras de marisco; e por suposto un sector extractivo marisqueiro plenamente desenvolvido, e a potente presenza dos sectores mexilloeiro e ostrícola; todos eles de exemplo de xestión sa, produtiva e sostible dos recursos pesqueiros e acuícolas, que dan sustento e vida ao noso pobo e levan polo mundo o nome de Cambados.

Todo isto conforma e integra o sector do Mar Industrial Alimentario. Un sector que pola súa esencia debe estar situado precisamente na ribeira de mar. E ademais debe contar coa indispensable seguridade e estabilidade nas súas ubicacións. Todo iso require manter o pacto social que consagra o dereito colectivo dunha terra tan singularmente dependente do mar á utilización sostible do medio mariño, sen introducir factores de risco ou de inestabilidade que non benefician a ninguén.

Por iso, o sector e xa que logo, o pobo de Cambados necesita o apoio institucional local e



comarcal por considerar imprescindible a garantía e o mantemento do emprego nos sectores afectados, nesta ocasión ante o proxecto de modificación da Lei de Costas a través do Artigo 18 do Proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.

Os principais sectores afectados son os que se atopan situados en dominio público marítimo terrestre, mantendo concesións da Dirección Xeral de Costas.

Non se pode poñer en risco os miles de postos de traballo existentes en devandito dominio público, sendo en gran parte mulleres e ademais estando nuns enclaves no que dificilmente teñen outra alternativa laboral.

Resulta necesario dar unha tranquilidade e seguridade xurídica ás empresas, non levando a cabo ningunha medida que poña en risco os miles de postos de traballo que, en caso de modificarse o citado Artigo 18 de proxecto de Lei de Cambio Climático sen o consenso cos axentes sociais, poden verse seriamente en perigo.

Por iso, o Goberno Municipal do Concello de Cambados, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

Instar aos Grupos do Congreso dos Deputados e ao Goberno do Estado a:

1. Que se modifique a redacción do artigo 18.4 da Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética garantindo a seguridade xurídica e a estabilidade a todos os sectores que conforman o sector do Mar Industrial Local.

2. Que cando se leve a cabo a modificación da normativa de Costas se teña en conta o sector Mar-industria alimentario de Galicia pola súa transcendencia socio-económico para a nosa Comunidade Autónoma”

A Sra. Alcadesa (PSOE) di que se enviou unha proposta de modificación ao asesor xurídico nos que se amosa unha proposta de modificación do artigo 18.4 as prórrogas para unha maior transparencia e onde di “todas as prórrogas” que se engada “excepto a extraordinaria” ou ben “todas as prórrogas ordinarias”.

Di que esa é a proposta remitida ao Ministerio, e está sendo estudada polos asesores xurídicos, di non querer que se perxudique ao sector pero tampouco quere que a cláusula sexa un coladeiro para outras actividades que non son respetuosas co medioambiente e que repercuten negativamente no sector mar industria alimentario.

Manifesta que o acordo foi consensuado co sector o fixemos da man ao sector de acordo esa vontade de consenso.

Sinala que únicamente se atopa disposta a modificar o acordo no caso de que os representantes do sector asistentes ao Pleno manifesten a súa conformidade.

(Recabada a opinión dos representantes do sector asistentes ao Pleno de forma verbal éstos manifiestan o seu asentimento en modificar o acordo de goberno facéndose referencia a que se trata dun acordo do Pleno e retirándose a referencia de que se adopta a instancias do goberno municipal).

Sometido a votación o ditame coas emendas introducidas ao longo do debate o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros, adopta o seguinte,

ACORDO:

“Exposición de Motivos

A relación de Cambados e a súa comarca co Mar forma parte da súa historia, do seu desenvolvemento e por suposto da súa identidade.

Ao longo de xeracións Cambados conviviu co Mar en perfecta harmonía, foi o seu sustento, motor do seu desenvolvemento económico grazas ás súas xentes e aos seus case infinitos



recursos; somos un exemplo de municipio pioneiro e punteiro nos distintos sectores do Mar Industrial, non só a nivel nacional senón máis aló das nosas fronteiras, distribuindo produción ademais de servir como modelo a multitude de empresas ao longo dos cinco continentes.

Actualmente desde Bico da Ran ata Tragove mostra a súa presenza no sector Mar Industrial cunha das primeiras piscifactorías, precursora do desenvolvemento piscifictícola de Galicia; dúas fabricas de conservas; dous grandes cocedoiros; oito depuradoras de marisco; e por suposto un sector extractivo marisqueiro plenamente desenvolvido, e a potente presenza dos sectores mexilloeiro e ostrícola; todos eles de exemplo de xestión sa, produtiva e sostible dos recursos pesqueiros e acuícolas, que dan sustento e vida ao noso pobo e levan polo mundo o nome de Cambados.

Todo isto conforma e integra o sector do Mar Industrial Alimentario. Un sector que pola súa esencia debe estar situado precisamente na ribeira de mar. E ademais debe contar coa indispensable seguridade e estabilidade nas súas ubicacións. Todo iso require manter o pacto social que consagra o dereito colectivo dunha terra tan singularmente dependente do mar á utilización sostible do medio mariño, sen introducir factores de risco ou de inestabilidade que non benefician a ninguén.

Por iso, o sector e xa que logo, o pobo de Cambados necesita o apoio institucional local e comarcal por considerar imprescindible a garantía e o mantemento do emprego nos sectores afectados, nesta ocasión ante o proxecto de modificación da Lei de Costas a través do Artigo 18 do Proxecto de Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética.

Os principais sectores afectados son os que se atopan situados en dominio público marítimo terrestre, mantendo concesións da Dirección Xeral de Costas.

Non se pode poñer en risco os miles de postos de traballo existentes en devandito dominio público, sendo en gran parte mulleres e ademais estando nuns enclaves no que dificilmente teñen outra alternativa laboral.

Resulta necesario dar unha tranquilidade e seguridade xurídica ás empresas, non levando a cabo ningunha medida que poña en risco os miles de postos de traballo que, en caso de modificarse o citado Artigo 18 de proxecto de Lei de Cambio Climático sen o consenso cos axentes sociais, poden verse seriamente en perigo.

Por iso, o Pleno da Corporación adopta o seguinte,

ACORDO:

Instar aos Grupos do Congreso dos Deputados e ao Goberno do Estado a:

1. Que se modifique a redacción do artigo 18.4 da Lei de Cambio Climático e Transición Enerxética garantindo a seguridade xurídica e a estabilidade a todos os sectores que conforman o sector do Mar Industrial Local.

2. Que cando se leve a cabo a modificación da normativa de Costas se teña en conta o sector Mar-industria alimentario de Galicia pola súa transcendencia socio-económico para a nosa Comunidade Autónoma”

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

